



Federación Galega de Voleibol

A Coruña, 12 de marzo de 2020

Comunicado Oficial: Suspensión temporal das actividades

Seguindo as recomendacións recibidas dende CSD, RFEVB e Secretaría Xeral para o Deporte, ante a situación e evolución do coronavirus (COVID-19) e co fin de garantir a saúde e seguridade dos nosos deportistas e afeccionados, a Federación Galega de Voleibol adopta as seguintes medidas:

- Suspensión temporal de todas as competicións autonómicas oficiais organizadas pola federación ata o 29 de marzo de 2020.
- Ampliación do prazo de presentación de solicitudes de organización das Fases Finais Xuvenís e Sénior ata o 30 de marzo de 2020.
- Ampliación do prazo de presentación de solicitudes de organización das Fases Finais de promoción ata o 30 de marzo de 2020.
- Suspensión das clases do curso de adestradores de voleibol Nivel II. O Presidente da Escola Galega de Adestradores comunicará directamente aos alumnos as datas de recuperación ou os traballos substitutivos a realizar, se así se decidira.
- Convocatoria de reunión de Xunta Directiva, Comisión Delegada e Asemblea Xeral para estudar e valorar posibles medidas a tomar no futuro.

Calquera modificación, ou novidade ao respecto deste tema será comunicada mediante circular aos clubs e a través da web e redes sociais da FGVb.

José A. Luna Bargo
Presidente da FGVb

